


1 Debuxa estes seres vivos na súa casa correspondente: quenlla, piñeiro, rato, alga.

SERES ACUÁTICOS	SERES TERRESTRES

2 Rodea os animais con cor vermella; as plantas, con cor verde, e os seres que non son nin animais nin plantas, con cor azul.



3 Relaciona cada unha destas accións que levan a cabo algúns seres vivos cunha das funcións vitais.

- a) Unha vaca come herba, bebe auga e respira. ....
- b) Un xeranio produce flores. ....
- c) Unha ra salta á auga cando pasas preto dela. ....

4 Le a información sobre estes animais e escribe os seus nomes nas tres táboas de clasificación.



**Caracol:** aliméntase de follas de plantas; pon ovos



**Pomba:** come follas, froitos e sementes; pon ovos



**Ra:** caza e devora pequenos animais; pon ovos



**Cangrexo:** come algas e animais mortos; pon ovos



**Can:** aliméntase de carne e de vexetais; pare os seus cachorros



**Lagarto:** caza e devora pequenos animais; pon ovos



**Augamar:** caza e devora pequenos animais; pon ovos



**Elefante:** aliméntase de plantas; pare as súas crías

ANIMAIS HERBÍVOROS	ANIMAIS CARNÍVOROS	ANIMAIS OMNÍVOROS

ANIMAIS OVÍPAROS	ANIMAIS VIVÍPAROS

VERTEBRADOS	INVERTEBRADOS

5 Nomea cinco seres vivos pertencentes á fauna do lugar no que vives.

.....

.....

.....

.....